CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUROS E A ENTIDADE ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA DEPORTIVA PRAIA DO CASTELO PARA A ORGANIZACIÓN DO XXI FESTIVAL CASTELO ROCK 2026

COMPARECEN

Dunha parte, a alcaldesa do Concello de Muros, Da. María Lago Lestón, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Santiago Romero Sendón, en representación da entidade Asociación Cultural Recreativa Deportiva Praia do Castelo, con CIF G15952195, e sede social en Porteliña, 13 baixo 15250 Muros.

Así mesmo, o secretario accidental, D. José Manuel Mayo Priegue, que asina o documento aos únicos efectos de dar fe da sinatura deste convenio.

As partes recoñecen entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN

1. Que o Concello de Muros conta con crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 26/341.480000 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2024, prorrogado para o exercicio 2026, destinado ao financiamento das actuacións obxecto do presente convenio.

2. Que entre os obxectivos do Concello de Muros está o fomento, promoción e apoio ás actividades culturais, sociais e festivas do municipio.

3. Que o Concello de Muros considera de interese público o apoio ás iniciativas promovidas polas entidades asociativas do municipio que contribúan á dinamización cultural, social, festiva e turística do termo municipal.

4. Que a Asociación Cultural Recreativa Deportiva Praia do Castelo desenvolve un destacado labor de dinamización cultural, social e turística do Concello de Muros mediante a organización do XXI Festival Castelo Rock 2026, evento de ampla repercusión pública e elevado interese municipal.

5. Que o artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións de concesión directa.

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

6. Que a singularidade da actividade subvencionada, así como a súa vinculación directa coa entidade organizadora, dificultan a súa convocatoria mediante un procedemento de concorrencia competitiva, concorrendo razóns de interese público, social, cultural e turístico que xustifican a concesión directa da subvención.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto, ámbito territorial e compatibilidade con outras subvencións

1.1 O obxecto do presente convenio é regular a concesión dunha subvención directa á Asociación Cultural Recreativa Deportiva Praia do Castelo para o financiamento da organización do XXI Festival Castelo Rock 2026 no termo municipal de Muros.

1.2 As actuacións subvencionadas desenvolveranse durante o exercicio 2026.

1.3 A subvención regulada neste convenio será compatible con outras axudas para a mesma finalidade, sempre que a suma total non supere o custo da actividade, sen prexuízo das limitacións previstas na normativa xeral de subvencións.

Segunda. Ámbito temporal e vixencia

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2026, sen prexuízo das actuacións de comprobación, control financeiro, reintegro ou responsabilidade que poidan corresponder con posterioridade.

Terceira. Obrigas da entidade beneficiaria

3.1 A entidade beneficiaria comprométese a:

- Realizar as actividades culturais: XXI Festival Castelo Rock 2026, que constitúen o obxecto deste convenio, no termo municipal de Muros e dentro do exercicio económico do ano 2026.
- Presentar, antes do 01-12-2026, a conta xustificativa da actividade subvencionada, integrada pola memoria de actuación, relación clasificada de gastos e xustificantes de pagamento, así como material gráfico acreditativo da correcta inclusión da imaxe corporativa do Concello de Muros en todos os materiais de difusión da actividade (carteis, programas, redes sociais, páxina web, fotografías ou outros soportes).

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

- Só terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a súa realización.

Gastos excluídos:

- Gastos de carácter xeral da entidade (persoal, arrendamentos, canons e outros gastos xerais), salvo naqueles casos nos que se xustifique que estes gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos; nestes casos, estes gastos deberán especificarse motivadamente na memoria xustificativa.
- Gastos financeiros e bancarios
- Gastos protocolarios (agasallos, cátering...)

3.2 Comunicar por escrito a obtención doutras axudas, subvencións ou ingresos para a mesma finalidade procedentes doutras entidades públicas ou privadas.

3.3 Someterse ás actuacións de control e comprobación que correspondan aos órganos competentes, facilitando a documentación e información requiridas.

3.4 Incorporar de forma visible a imaxe corporativa do Concello de Muros en todos os materiais de difusión, comunicación e publicidade da actividade (carteis, programas, redes sociais, páxina web, aftermovie, etc.), desde a sinatura do convenio ata a xustificación final da subvención. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá xustificar documentalmente o cumprimento desta obriga mediante a achega de evidencias gráficas na conta xustificativa.

3.5 Comunicar por escrito a data, hora e lugar do acto de presentación pública ou rolda de prensa das actividades do XXI Festival Castelo Rock 2026, co obxecto de facilitar a presenza institucional do Concello de Muros a través da persoa ou persoas designadas.

3.6 Dispoñer, con carácter previo á realización das actividades, das autorizacións, licenzas e seguros obrigatorios esixibles pola normativa vixente, incluído todos os seguros pertinentes.

3.7 Utilizar a lingua galega como idioma vehicular e preferente en todas as accións de comunicación, difusión e desenvolvemento da actividade. Os materiais gráficos, informativos e dixitais (sinalización, redes sociais, web, publicacións, etc.) deberán estar redactados en galego.

3.8 Participar no acto protocolario de sinatura do convenio que terá lugar nas instalacións do Concello de Muros, no cal se realizará unha fotografía oficial coa representación institucional do

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Concello formada pola Alcaldía, a concellería de Cultura e a concellería de Seguridade Cidadá. Esta imaxe poderá ser utilizada para efectos de comunicación e difusión pública da colaboración.

3.9 A entidade beneficiaria comprométese a destinar a totalidade da subvención á finalidade para a que foi concedida, debendo xustificar o gasto polo importe total concedido, con independencia do momento do pagamento.

3.10 A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Muros. Deberá achegar os correspondentes certificados ou autorizar expresamente ao Concello de Muros para a súa comprobación de oficio.

Cuarta. Obrigas do Concello de Muros

4.1 O Concello de Muros comprométese a conceder á entidade beneficiaria unha subvención directa prepagable por razóns de interese público, social, cultural e turístico por importe de 26.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/341.480000 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2024, prorrogado para o exercicio 2026.

4.2 A entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado total da subvención, sen necesidade de constitución de garantías, de conformidade co disposto na Base 48ª das Bases de Execución do Orzamento municipal e na normativa xeral de subvencións.

4.3 O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado pola entidade beneficiaria.

Quinta. Xustificación

A xustificación da subvención realizarase conforme ao disposto na Base 47ª das Bases de Execución do Orzamento municipal, e demais normativa de aplicación.

5.1 A entidade beneficiaria comprométese a xustificar a totalidade da subvención concedida antes do 01-12-2026, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa da actuación realizada, na que se detalle o cumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a descrición das actividades desenvolvidas e os resultados obtidos.

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- A conta xustificativa de acordo co establecido no punto 3.1 deste convenio.
- Unha declaración na que conste, se é o caso, o importe, a procedencia e a aplicación doutros fondos públicos ou privados destinados a financiar as actividades obxecto deste convenio.
- Deberá acreditarse a correcta inclusión da imaxe corporativa do Concello de Muros en todos os materiais de difusión da actividade, mediante a achega de material gráfico (carteis, programas, capturas de redes sociais, páxina web, fotografías ou outros soportes acreditativos).
- Facturas e documentos acreditativos do seu pagamento correspondentes á totalidade dos gastos realizados para a execución da actividade subvencionada, co fin a correcta aplicación dos fondos públicos percibidos.

  No suposto de que a entidade beneficiaria percibise un pagamento anticipado da subvención e o importe finalmente xustificado resultase inferior ao importe anticipado, deberá proceder ao reintegro da cantidade non xustificada antes da finalización do prazo establecido para a presentación da conta xustificativa.

Sexta. Perda do dereito de cobro

6.1 Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención nos seguintes supostos: pola falta de xustificación no prazo establecido no parágrafo primeiro da cláusula quinta deste convenio, así como pola concorrencia de calquera das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións ou do incumprimento das obrigas establecidas neste convenio.

Sétima. Reintegro

7.1 Procederá o reintegro das cantidades percibidas cando recaia resolución xudicial ou administrativa que declare a nulidade ou anulación da resolución de concesión da subvención.

7.2 Así mesmo, será obrigatorio o reintegro, xunto cos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde o inicio do procedemento de reintegro, nos supostos recollidos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.3 O procedemento de reintegro rexerase polo disposto nos Capítulos I e II do Título II da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro.

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Oitava. Interpretación, incumprimento e réxime xurídico aplicable

8.1 As dúbidas que poidan xurdir na interpretación deste convenio, así como as discrepancias derivadas da súa aplicación, serán resoltas pola alcaldesa do Concello de Muros, previo informe dos servizos de Secretaría e Intervención municipal.

8.2 O incumprimento de calquera das cláusulas recollidas neste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, dando lugar, se procede, ao reintegro das cantidades percibidas, conforme á normativa vixente.

8.3 Este convenio ten natureza administrativa, e as cuestións litixiosas que poidan derivarse da súa interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

8.4 En todo aquilo non previsto expresamente neste convenio, será de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Así como as Bases de execución do Orzamento municipal vixentes e calquera outra norma que resulte de aplicación.

Novena. Entrada en vigor

9.1 O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2026, sen prexuízo das actuacións de comprobación, control financeiro, reintegro ou responsabilidade que poidan corresponder con posterioridade.

9.2 As obrigas económicas derivadas do presente convenio quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Municipal de 2024, prorrogado para o exercicio 2026.

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

9.3 Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, estendéndose por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

En proba de conformidade, asinamos en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

A alcaldesa do Concello de Muros	O presidente da ACRD Praia do Castelo	O secretario accidental
María Lago Lestón	Santiago Romero Sendón	José Manuel Mayo Priegue

CVD: hAJAlUIn5e2ZGNly7gYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/